

↑ Romería. (Carla Simón) ESTREÑA 5 DE SEPTIEMBRE

NUMAX PRESENTA:

93 | SETEMBRO 2025



Librería

Rentrée

Despois do parón estival, as novidades volven chegar á librería. Velaquí unha pequena selección dos moitos títulos que nos acompañarán na volta á rutina.



***El emperador
de Alegría***

Ocean Vuong

ANAGRAMA

22,90€



Cuando todo encaja

Raül Refree

DEBATE | 21.90€



Comerás flores

Lucía Solla


LIBROS DEL
ASTEROIDE | 19.95€



Amarilla

Marta Sanz


LA BELLA
VARSOVIA | 12.90€



Hetero

Uxue Alberdi

CONSONNI | 19.50€



Canto máis negra é a amora...

**Wallace
Thurman**

IRMÁS CARTONÉ
| 17€



Caída de las nubes

Violaine Berot

LAS AFUERAS
| 16.95€



A praza do diamante

**Mercè
Rodoreda**


RODOLFO E
PRISCILA | 21€



Archipiélago

**Mariana
Enríquez**

AMPERSAND | 15€



**Me llevaré
el fuego**
Leila Slimani
CABARET
VOLTAIRE | 25.95€



**Artefactos
importantes**
Leanne Shapton
COMISURA | 20€



**María Vázquez,
a mestra
socialista
eliminada polo
franquismo**
Aurora Marco
ALVARELLOS | 20.50€



**Una mujer a
quien amar**
Theodor
Kallifatides
GALAXIA
GUTENBERG | 16.90€

Presentacións | Setembro 2025

**XOVES 4 DE SETEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación
de *Himno nacional*
(CHAN DA PÓLVORA)
de Miguel Cavadas
con Vicente Vázquez
Vidal e Alba María.

**VENRES 12 DE SETEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
As obras póstumas
(XERAIS) de Diego
Giráldez con
Alfonso Pato.

**VENRES 19 DE SETEMBRO
ÁS 19:00H**

Presentación de
El siglo (ULTRAMARINOS)
de Juan de Salas
con Antón Blanco.

**MÉRCORES 24 DE
SETEMBRO ÁS 19:00H**

Presentación de *Cuando
todo encaja* (DEBATE)
de Raúl Refree.



DICIR

03

11 de setembro
20:00h

Valeria Mata
Estar en paz
coa ambigüidade

NUMAX **10**
numax.org

Actividade subvencionada polo
 **Deputación**
DA CORUÑA

AS

MARXES

WOS Festival
x SON Estrella Galicia

11-14.09.2025
Santiago de Compostela

wosfestival.es

Filme do mes:



ROMERÍA ESTREA 5 SET

Carla Simón, 105', ESP, VO, +16

Con Lúcia García, Mitch, Tristán Ulloa

Marina (18), adoptada desde moi pequena, viaxa a Vigo para se encontrar por vez primeira coa familia do seu pai biolóxico. A súa chegada trae de volta un pasado xa soterrado. Guiada polo diario da súa nai e a través dunha conexión especial co seu novo curmán, Marina descubrirá as feridas familiares e poderá por fin revivir a memoria fragmentada duns pais dos que apenas ten records.

A agardadísima película galega de Carla Simón chega ás salas tras conquistar a crítica no Festival de Cannes mesturando a súa habitual mirada naturalista con trazos de realismo máxico.

 **Sección Oficial**
Cannes 2025

 **Sesión Teta:**
Sábado 20 SET



Estreas



JONE, A VECES ESTREA 12 SET

Sara Fantova, 80', EUS-ESP, VOSE, +12

Con Olaia Aguayo, Josean Bengoetxea

Jone, de 20 anos, vive co seu pai, que tivo que deixar o traballo debido ao seu Parkinson. Durante a Semana Grande de Bilbao, Jone namora por primeira vez e vive un verán único, entre a sensación de inmortalidade que provoca a súa relación con Olga e o medo a ficar soa pola enfermidade do seu *aita*.

🏆 **Premio Especial do Xurado Málaga 2025**
Premio Un impulso colectivo D'A 2025



ON FALLING ESTREA 19 SET

Laura Carreira, 104', ING-PT, VOSE

Con Joana Santos, Inês Vaz

Aurora é unha muller portuguesa que traballa nuns grandes almacéns de Escocia. Atrapada entre os muros do seu traballo e a soidade do seu piso compartido, trata de resistir o illamento, a alienación e a conversa trivial que comezan a ameazar a súa propia consciencia.

🏆 **Mellor Dirección Donostia 2024**




EDDINGTON ESTREA 19 SET

Ari Aster, 145', ING, VOSE

Con Joaquin Phoenix, Pedro Pascal

Maio de 2020. Nunha viaxe por estrada, unha parella fica atrapada en Eddington, unha pequena vila de Novo México, durante a pandemia. Inicialmente son ben acollidos, pero todo dá un xiro sinistro ao caer a noite. O enfrontamento entre o sheriff e o alcalde desata o caos cando os veciños se enfrontan entre si.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2025**



MASPALOMAS ESTREA 26 SET

Aitor Arregi / José Mari Goenaga, 115', EUS, VOSE

Con José Ramón Soroiz, Nagore Aranburu

Tras romper coa súa parella, Vicente leva a vida que lle gusta en Maspalomas. Un accidente faiño regresar a Donostia e reencontrarse coa súa filla. Vicente terá que vivir nunha residencia e volver ao armario para agochar unha parte de si mesmo que cría resolta.

Petís Numax



UN BARCO NO XARDÍN

PASES ÚNICOS 27-28 SET

Jean-François Laguionie, 77', VES, +8

Pierre constrúe unha réplica do *Spray*, barco lendario co que Joshua Slocum deu a volta ao mundo en 1895. Conta coa súa muller Geneviève e o seu fillo François, que sente paixón por este proxecto e pola figura de Slocum, símbolo de liberdade.

CINE MODERNO ARXENTINO. FULGORES E FRACTURAS



INVASIÓN PASE ÚNICO 2 SET

Hugo Santiago, 123', ESP, VO, 1969

Con Olga Zubarry, Lautaro Murúa

Nunha cidade asediada por misteriosos invasores que queren apoderarse dela. A indiferenza dos habitantes achanta o camiño. Un pequeno grupo de resistentes trata de impedilo.



EL ROMANCE DEL ANICETO Y LA FRANCISCA PASE ÚNICO 9 SET

Leonardo Favio, 63', ESP, VO, 1966

Con Federico Luppi, Elsa Daniel

Aniceto, un home solitario dedicado ás pelexas de galos, encontra o amor na humilde Francisca. Porén, a chegada de Lucía, complica a relación, trazando un conflictivo triángulo amoroso.

- i** Presentación e coloquio con Ramiro Sonzini (*La vida útil*), programador do ciclo.



PAJARITO GÓMEZ PASE ÚNICO 16 SET

Rodolfo Kuhn, 93', ESP, VO, 1965

Con Héctor Pellegrini, María Cristina Laurenz

«Pajarito» é un cantante de música popular impulsado por unha empresa discográfica que constrúe a súa figura pública, alimentando o mito do rapaz pobre e con talento, bo fillo e bo cidadán. Tras esa fachada agóchase un home escuro, desorientado, alcohólico e distanciada da súa nai.

🎬 Sección Oficial Berlínale 1965

OPERACIÓN MASACRE

PASE ÚNICO 23 SET

Jorge Cedrón, 115', ESP, VO, 1973

Con Norma Aleandro, Anna María Picchio

En 1956 fracasa un contra-golpe militar á ditadura e nun terreo descampado na provincia de Bos Aires, son asasinados varios civís sospeitosos de formaren parte do alzamento. Porén, sete persoas logran sobrevivir á matanza e contar a historia.

JUAN, COMO SI NADA HUBIERA SUCEDIDO

PASE ÚNICO 30 SET

Carlos Echevarría, 160', ESP, VO, 1987

Juan Herman é o único desaparecido político de San Carlos de Bariloche durante a ditadura militar de 1976. O xornalista Esteban Buch entrevista as testemuñas e a militares e funcionarios involucrados na súa desaparición e detención.

 **Operación masacre**
Rodolfo Walsh |
LIBROS DEL ASTEROIDE, 17.95€



Pioneiras



CAMPESIÑAS DE RYAZAN

PASE ÚNICO 18 SET

Olga Preobrazhenskaya / Ivan Pravov, 89', RUS, VOSE, 1927

Con Kuzma Yastrebitsky, Olga Narbekova

O filme máis celebrado de Preobrazhenskaya céntrase en dúas mulleres labregas, unha vítima dun sogro abusivo, a outra emancipada. Un melodrama feminista que triunfou nas taquillas soviéticas.

Os ollos verdes



O VOLCÁN

PASE ÚNICO 15 SET

Damian Kocur, 105', UKR-ING-ESP, VOSE, +12
Con Sofia Berezovska, Roman Lutskiy

Unha familia ucraína goza dos últimos días de vacacións en Tenerife. No aeroporto son informados de que Rusia invadiu Ucraína. Atrapados na illa pasan de seren turistas a converterse en refuxiados.

🏆 Sección Oficial Sevilla 2024



ROCÍO PASE ÚNICO 22 SET

Fernando Ruiz Vergara, 80', ESP, 1980, VO

Histórico documental que analiza as bases económicas da Romaría do Rocío, desde a veracidade da aparición mariana, ao clasismo das irmandades ou á represión exercida en 1936 polos partidarios dos sublevados en Almonte. A súa crítica explícita fixo dela a primeira película española secuestrada xudicialmente en democracia.



CAJA DE RESISTENCIA

PASE ÚNICO 29 SET

A. Alvarado / Concha Barquero, 99', ESP, VO

Finado, Fernando Ruiz Vergara deixou decenas de bosquejos de filmes que non puido realizar. Só dirixira *Rocío*, maldito tras a súa censura xudicial. En *Caja de resistencia* fabúlase con aqueles proxectos soñados para levarlos ao cinema do presente como un xesto de resistencia.

🏆 Nomeado a Premio Arrebato Feroz 2025

NUMAX NA ESCOLA

**PROXECCIONS EDUCATIVAS
PARA INFANTIL, PRIMARIA,
SECUNDARIA E BACHARELATO.**

Infórmate en
numax.org/na-escola
escola@numax.org

NUMAX **10**
numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica

  @numaxcoop
